

ACTA DA SESIÓN ORDINARIA DA COMISIÓN DE CALIDADE DA FACULTADE DE HISTORIA DO 3 DE DECEMBRO DE 2019

Lista de asistentes

Presidenta, decana , coordinadora de calidade e coordinadora do Mestrado en Arqueoloxía e Ciencias da Antigüidade

Reboreda Morillo, Susana

Secretaria

Cadilla Lomba, Josefina T.

Coordinadora de Grao

Vaquero Díaz, Beatriz

Coordinador do Mestrado en Valoración e Xestión do Patrimonio Cultural

Pérez Losada, Fermín

PDI

Comendador Rey, Beatriz

Presedo Garazo, Antonio (colaborador de calidade)

PAS

Rodríguez Bouzas, Josefa

Membros da sociedade

Díaz Naya, Rosa María

Eguileta Franco, José María

Estudantes egresados

López López, Marta

Desculpan ausencia

PDI

Barriocanal López, Yolanda

López Díaz, María

Na sala de profesorado da Facultade de Historia do campus de Ourense, reúnen-se os membros da Comisión de Calidade que figuran á marxe, o martes 3 de decembro de 2019, ás 13.00 horas en segunda e definitiva convocatoria, co obxecto de tratar os seguintes puntos da orde do día:

1.- Aprobación, se procede, da acta correspondente á sesión ordinaria do 5 de novembro de 2019.

2.- Informe da presidenta

3.- Validación, se procede, do procedemento: Identificación das necesidades do PAS do centro e Identificación das Necesidades de formación do PAS do centro.

4.- Rolda de intervencións.

A decana pasa a dar lectura aos nomes dos membros da Comisión de Calidade que desculpan a súa ausencia á sesión, e que se relaciona á marxe desta acta.

1.- Aprobación, se procede, da acta correspondente á sesión ordinaria do 5 de novembro de 2019.

Apróbase a acta por asentimento.

2.- Informe da presidenta.

Non hai informes.

3.- Validación, se procede, do procedemento: Identificación das necesidades do PAS do centro e Identificación das Necesidades de formación do PAS do centro.

Interveñen, entre outros para dar o seu parecer as profesoras Beatriz Vaquero, Beatriz Comendador, a estudante egresada Marta López, o representante da sociedade José María Eguileta, e a secretaria Josefina Cadilla. Tras o debate acórdase o seguinte:

- Acéptase a suxestión de Marta López e cámbiase o enunciado deste punto, a palabra procedemento substitúese por rexistro.

- Abstértese na validación dos rexistros polos motivos seguintes:

1. Nin o rexistro nin o procedemento dependen do Centro, que non ten capacidade de elaboralo, nin corrixilo.

2. Maníféstase o desacordo co escrito nos seguintes aspectos:

a. Maiormente recolle a formación xa recibida polo PAS, detectando solo dous parágrafo (páx.2) que se refiren ás necesidades formativas actuais

b. Non é específico da facultade de Historia. Salvo na páx.1, o texto refírese ao PAS de todo o campus

c. Enténdese que Comisión de Calidade non contempla entre as súas funcións referendar unha reforma da RPT, que debe facerse polos canles establecidos.

Esta decisión será trasladada á Xunta de Facultade de mañá e se solicitará que aprobe o envío conxunto (Comisión de Calidade e Xunta de Facultade) do acordo a Área de Calidade da UVigo.

4.- Rolda de intervencións.

Non se presentan.

Ao non haber máis asuntos que tratar, remata a sesión ás 13.30 h do día 3 de decembro de 2019, da que eu como secretaria dou fe, co visto e praxe da decana.

A decana

A secretaria

Asinado dixitalmente

Asinado dixitalmente

Susana Reboreda Morillo

Josefina Cadilla Lomba